

AROUSA

O ourensán Eladio Medel gaña o premio de poesía O Grelo con «Fóra do mundo»

M. S. [Vilagarcía/La Voz.] [15/5/2010]

O xurado do premio de poesía O Grelo, que convoca a Fundación Amigos de Galicia en colaboración co Concello de Vilagarcía, acordou conceder o galardón deste ano ao escritor ourensán Eladio Medel Iglesias pola súa obra **Fóra do muro** . O xurado subliñou que esta obra destaca por usar un galego depurado e por empregar o mar como unha constante.

O premio convócase anualmente para autores noveis sen obra publicada, e ten unha dotación de mil euros. O gañador recibirá ademais cen libros da edición de dous mil exemplares que se realizará do traballo premiado.

Tanto desde a Fundación Amigos de Galicia como desde O Concello de Vilagarcía destacaron onte, á hora de facer pública a decisión do xurado, a relevancia que está acadando este galardón. De feito, varios dos gañadores deste premio nas edicións anteriores son hoxe un referente nas letras galegas, como pode ser o caso de Marta Dacosta, Anxo Angueira, Modesto Fraga ou a gañadora da última edición, Andrea Porto, que recentemente

acaba de recibir outro premio, o Avelina Valladares, na Estrada.

Trala concesión do premio O Grelo, a Fundación Amigos de Galicia e o Concello de Vilagarcía farán entrega o luns dos galardóns de relatos curtos e contos Xaquina Trillo, no que participan centros escolares de toda a comunidade. O acto terá lugar na sala de conferencias do auditorio ás 12.30 horas.

Este ano os organizadores do certame decidiron suprimir os actos gastronómicos que acompañan sempre esta entrega de premios para entregar eses recursos económicos ás persoas necesitadas.

Ademais, Amigos de Galicia presentou onte a publicación do libro **Encontro coas letras**, que recolle unha escolma de poemas de Uxío Novoneyra, Manuel Curros Enríquez, Manuel María e Celso Emilio Ferreiro.